

O ENTROIDO

O nome de Entroido (Antroido, Introido, Entrudo,...) deriva do latín "introitus" (entrada, comezo) do ano ou da primavera. As orixes desta festa non teñen sido determinadas dun xeito preciso. Teñen semellanzas coas festas páganas da Antigüidade que celebraban a despedida dos fríos do inverno e a chegada do tempo de sementar (as máscaras servirían para espantar aos malos espíritos), tamén coas Saturnalias dos romanos e coas gregas de Dionisios e con outras dos celtas e os xermanos.

Cando chegou o cristianismo mesturouse coa despedida das carnes antes da abstinencia da Coresma. O Entroido tradicional foi concibido como a celebración do mundo ao revés, o escenario de todo o que está mal visto facer o resto do ano fronte ao tempo da penitencia, da pureza e de pedir perdón polos pecados.

A data de celebración é variable porque depende do calendario lunar. A Igrexa decide que a Semana Santa coincida coa Lúa chea tras o equinocio de primavera, polo tanto o Entroido ten lugar o xoves anterior ao Mércores de Cinza que é o día en que comeza a Coresma (40 días antes de Semana Santa).

O enraizamento do Entroido en Galicia vén dado polo feito de que a pesares da súa prohibición durante a ditadura de Franco continuou a celebrarse, se ben de dúas maneiras:

- Nas zonas rurais celebrándose polas aldeas, conservando así a súa riqueza cultural.
- Nas zonas urbanas facendo bailes de disfraces nas sedes sociais, onde había que identificarse antes de acceder.

Este período histórico orixinou que na actualidade se festexe de distintas maneiras, se ben todas teñen en común a participación dos asistentes (é fundamental acudir disfrazados) e o vínculo coa gastronomía específica destas datas (o porco, patacas, garavanzos, grelos e de sobremesa filloas, orellas e bicas).



O Entroido tradicional

galego ten como características:

- Un carácter ritual: vestirse de máscara, botar farelos, comer certas comidas típicas, facer o Meco (boneco de palla),...
- Un carácter de licenza e liberdade. Está permitido o que non está no resto do ano. Dentro desta:

Carácter xurídico: Caducan os preceptos e usanzas nestas datas e ao mesmo tempo as máscaras teñen os seus dereitos.

- . Carácter de inversión de valores: Presentan certo aspecto do "mundo ao revés".
- . Carácter parodístico: Paródias a "vida seria" dun xeito caricaturesco.
- . Carácter de representación dramática: Todo parece unha representación teatral:
- . Carácter igualitario: Non hai vellos, nin novos; pobres, nin ricos; mulleres, nin homes,...



- Temos nove entroidos que teñen recoñecemento de interese turístico: Entroido de Xinzo de Limia (Pantallas), de Verín (Cigarróns), de Cobres (Damas e Galáns) de Laza (Peliqueiros), de Viana do Bolo (Boteiros), de

Maceda (Felos), de Vilariño de Conso (Boteiros), os Xenerais do Ulla e o Folión tradicional de Manzaneda (Mázcaras).



E tamén temos outros Entroidos importantes como: os Merdeiros, as Bonitas, os Follateiros, Rancho de Entroido de Salceda, os Troteiros, ... e algúns máis que temos e teremos xa que nas aldeas e vilas recuperáronos e estanse a recuperar moitos daqueles Entroidos tradicionais que quedaron no esquecemento.

